



## BASES DO VI CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS

### ENTROIDO BEGONTE 2017

#### 1ª OBXECTIVO

O Concello de Begonte, a través da Concellería de Cultura, organiza o VI Desfile-Concurso de disfraces e comparsas 2017, co obxectivo de manter a tradición local desta festa tradicional, a través da participación de tódolos veciños de Begonte, que terá lugar o vindeiro 4 de marzo de 2017 no Pavillón de Baamonde.

A Concellería de Cultura quere animar á xente da vila de Begonte, con especial mención ós nosos nenos a participar no desfile de Entroido, aínda que non sexa na modalidade de concurso.

#### 2ª PARTICIPANTES

Poderán formar parte do concurso tódalas persoas ou agrupacións que o desexen, que previamente efectuarán a súa inscrición antes do 27 de febreiro de 2017.

#### 3ª MODALIDADES

As modalidades para inscribirse no concurso son:

**Disfrace individual/parella.** Inclúense nesta modalidade, ademais dos disfraces individuais, os conxuntos formados por ata 2 persoas, cuxos traxes comparten unha mesma temática.

**Comparsas.** Estarán encadradas nesta modalidade os grupos formados por cinco ou máis compoñentes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si.

No desfile só se poderá participar nunha modalidade co mesmo disfrace, no caso de incumprimento quedará descualificado.

#### 4ª INSCRICIÓNS

As bases e o formulario para solicitar a inscrición están dispoñibles na web: **[www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)**

Para inscribirse deberán enviar o documento "Inscrición concurso de disfraces e comparsas" que se adxunta coas bases ao correo **[inscricions@concellodebegonte.es](mailto:inscricions@concellodebegonte.es)**

No caso dos menores de idade, deberán cubrir a inscrición a nai, pai ou titor legal.

A modalidade de comparsas, deberá acompañar coa inscrición o [arquivo de música](#); así como nomear a un representante legal, para realizar tódolos trámites.

O prazo improrrogable de inscricións rematará o luns 27 de febreiro de 2017 ás 14.00h

A orde de inscritos por modalidade, farase pública na web do Concello ó xoves 2 de marzo de 2017.



## **5ª MECÁNICA DO CONCURSO**

O concurso terá lugar o sábado 04 de marzo de 2017 no Pavillón Municipal de Baamonde.

Os participantes no desfile teñen entre as 15.40h e as 16.45h, para entrar no interior do Pavillón de Baamonde e prepararse para o desfile. Neste intervalo de tempo, deberán recoller un distintivo cun número; que se entregará no punto de información, situado no interior do Pavillón. Este distintivo, identificará a cada participante ou grupo, ademais de indicar a orde para desfilar. Será obrigatorio levalo nun lugar visible, durante todo o desfile.

Ás 17.00h comezará o desfile seguindo a orde de rexistro de inscrición por modalidade:

1º Disfraces individual /parella, realizarán o percorrido que lle indique a organización.

2º Comparsas, para esta modalidade, o tempo de actuación no poderá exceder de **3 minutos**. Será obrigatorio adxuntar arquivo de música xunto coa inscrición, senón a organización non se fará cargo de poñer a música no seus equipos.

Ás 17.10h o xurado fará unha primeira revisión para coñecer a tódolos participantes. Non estar situado no posto asignado no momento da saída poderá ser motivo para a descualificación do concurso.

Non está permitido empregar no interior do Pavillón ningún tipo de artiluxio pirotécnico (bengalas, nitróxeno, petardos,.....), así como obxectos cortantes ou líquidos.

## **6ª XURADO**

O xurado estará formado por 3 persoas, propostos pola Concellería de Cultura ou de en quen ésta delegue, e a técnica en Animación Sociocultural, ésta con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

O xurado á hora de valorar, terá en conta os seguintes criterios por modalidade :

### ***Disfrace individual/parella***

- Confección dos traxes e complexidade. (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces. (de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).

### ***Comparsas.***

- Confección dos traxes e complexidade. (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces.( de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).
- Número de componentes: (de 1 a 3 puntos).
- Posta en escena: (de 1 a 3 puntos) .Aquelas actuacións que excedan dos 3 minutos, serán penalizadas.



Daranse por nulos, os concursantes que repitan disfraces de anos anteriores.

O xurado, constituído ao efecto, elixirá catro gañadores para cada categoría.

Así mesmo, o xurado concederá un premio especial a mellor comparsa do Concello de Begonte de 150€. Este premio será compatible con outro premio, se o xurado así o considera oportuno.

O Xurado poderá conceder algún accésit ou declarar deserto algún dos premios.

O fallo do xurado será inapelable, unha vez rematada a deliberación do xurado, farase público o resultado no acto de entrega de premios, no Pavillón de Baamonde.

O xurado terá a capacidade de determinar se os inscritos cumpren as condicións propias en cada categoría.

### **7ª PREMIOS**

Para este concurso establécense os seguintes premios:

	INDIVIDUAL/PARELLA	COMPARSAS
1º PREMIO	100€	500€
2º PREMIO	80 €	300€
3º PREMIO	60 €	200€
4º PREMIO	40€	100€

### **PREMIO ESPECIAL DE 150 € A MELLOR COMPARSA DE BEGONTE**

O importe do premio quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece. Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria.

Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio.

Para poder realizar a transferencia do premio o **solicitante ou representante legal do menor ou da comparsa**, deberá presentar copia do vale, copia do DNI, e certificación do número da conta bancaria nas oficinas do Concello ou remitir a documentación ó correo electrónico [inscricions@concellodebegonte.es](mailto:inscricions@concellodebegonte.es), antes do 17 de marzo de 2017.

### **8ª ACEPTACIÓN DAS BASES**

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.



## CONCELLO DE BEGONTE

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1  
27373 Begonte  
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027  
Email: inscricions@concellodebegonte.es

<b>DOCUMENTO</b>		<b>Nº REX:</b>	
<b>INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS</b>			
<b>DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DO MENOR OU DA COMPARSA</b>			
Apelidos:		Nome:	DNI:
Enderezo:			Concello:
Provincia	Código postal	Teléfono: 982 Móbil:	Correo electrónico:
<b>INDIQUE A MODALIDADE NA QUE SOLICITA INSCRIBIRSE</b>			
<input type="checkbox"/> INDIVIDUAL /PARELLA (1 ou 2 participantes) NOME DO DISFRACE: .....			
<input type="checkbox"/> COMPARSAS (5 ou máis participantes) NOME DA COMPARSA:..... Nº DE PARTICIPANTES ADULTOS: ..... Nº DE PARTICIPANTES NENOS: ..... ADXUNTO ARQUIVO DE MÚSICA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO LEVO ESTRUTURAS RÍXIDAS <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> SI INDIQUE: ALTURA ..... M e ANCHO.....M			
<input type="checkbox"/> Lín e acepto as bases do concurso de disfraces e comparsas 2017. <input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Begonte para que me informe mediante correo electrónico do estado desta inscrición, así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. <input type="checkbox"/> O Concello de Begonte, dispón do meu consentimento expreso, polo que poderá realizar fotografías e utilizalas no transcurso da participación deste concurso e facer uso destas nas súas respectivas tarefas de información e difusión.			
Begonte a            de febreiro de 2017 .  Sinatura do solicitante			

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE